



XVIII DÍA DO PEÓN

11 de novembro de 2024



Brinquedia, a rede galega do xogo tradicional é unha entidade que coordina a colectivos promotores de xogos e deportes tradicionais. Está formada por asociacións de diversa índole, centros de ensino, clubs deportivos, empresas, concellos, movementos de renovación pedagóxica, museos e particulares.

Entre os seus obxectivos está o de realizar actividades de recuperación, divulgación e fomento dos **xogos de sempre**.

Por este motivo convocamos e organizamos desde hai máis dunha década o **Día do Peón**, coa finalidade de contribuír ao asentamento deste xogo que adoita ter un carácter estacional.

Para conseguir este obxectivo propoñemos unha serie de actividades para realizar antes, durante e despois do **11 de novembro**.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES.

- Investigar nas casas como xogaban as nosas persoas maiores ao peón.
- Diseñar nas aulas carteis alusivos desta actividade.
- Buscar o nome do xogo en diferentes idiomas e/ou países.
- Consultar páxinas de interese coma www.baldufa.com e similares.
- Practicar a cantiga e baile que atoparedes na nosa web.
- Ler nos centros de ensino o manifesto elaborado para a ocasión.
- Convidar a outras persoas a participar nas actividades programadas.
- Practicar habelencias co peón, creando outras novas: o canciño, o ascensor, bailar na man...
- Marcar espazos de xogo permanentes nos centros de ensino.
- Enviar a Brinquedia referencia das vosas actividades a través da ficha de participación que obteredes da nosa web.





XVIII DÍA DO PEÓN

11 de novembro de 2024



OUTRAS ACTIVIDADES POLO MIÚDO A PARTIR DAS VOSAS PROPOSTAS.

Nas datas previas ao Día do Peón.

- Decoración de peóns.
- Fabricación de móbiles alegóricos.
- Elaboración de bailaretes (Educación Infantil e Primaria).
- Cadea de papel continuo de peóns decorados.
- Concurso de carteis anunciativos do evento.
- Mural cun peón xigante acompañado de bailaretes coloreados polo alumnado.
- Xogo de indagación; "El niño de la peonza"; buscar as diferenzas; identificar a obra de arte verdadeira.
- Invención de novos xogos co peón por parte do alumnado.
- Agasallar ao novo alumnado do centro cun peón.
- Actividade interxeracional con persoas maiores dun Centro de Día.
- Exposición de peóns e bailaretes da comunidade educativa.
- Peóns a disposición do alumnado para o seu uso nos tempos de lecer.

No mesmo Día do Peón.

- Demostración de habilidades cos peóns por parte de alumnado.
- Degustación de galletas artesás con forma de peón.
- Obra de arte colectiva con pinturas e bailaretes.
- Elaboración dun vídeo colectivo con vocabulario, bailes, xogos, trucos e acrobacias (definición, partes, tipos, vocabulario, trucos explicación e demostración).
- Circuito de xogos co peón (participación do alumnado, familias e profesorado).
- Sorteio de peóns.
- Lectura do manifesto.
- Lanzamento colectivo de peóns.
- Canto e baile de cancións.
- Circuito de habilidades cos peóns dirixido por alumnado.





XVIII DÍA DO PEÓN

11 de novembro de 2024



“Como o trompo”

Ven comigo "pra" rúa xogar coa bóla
ti me tiras punteirazos, eu che fago un paradón.

Tamén podemos, se queres, probar coa chave
dalle ás aspas co peso, ponlle toda a túa atención.

E non deixes de xirar
e non deixes de xirar

Fago o camiño como o trompo en San Martiño
fago o camiño e non deixo de xirar (bis)

Trouxen hoxe dous paus para divertirnos
lanza ao aire a billarda dalle forte co palán.

Máis tarde poderíamos marchar coas bicis
temos camiño dabondo e diante todo o serán.

E non deixes de xirar
e non deixes de xirar

Fago o camiño como o trompo en San Martiño
fago o camiño e non deixo de xirar (bis)

Cedida en 2009 pola Banda Ourensons





XVIII DÍA DO PEÓN

11 de novembro de 2024



“A buxaina brincadeira”

Unha, dúas, tres,
catro, cinco, seis,
sete, oito, nove e dez.(bis)

Teño unha buxaina,
baila, baila, baila. (Bis)

O mesmo no chan
ou pola man ela non para.(Bis)

Teño unha piola
tola, tola, tola.(Bis)

Tece do dereito e do revés
e fía soa.(Bis)

Coa miña buxaina
e a miña piola.(Bis)

Chámanme os rapaces
a ledicia da escola.(Bis)

Unha, dúas, tres,
catro, cinco, seis,
sete, oito, nove e dez.(Bis)

Cantareliña

